

✚ Xestión de calidade na ACSUG

A ACSUG tamén se somete a criterios de calidade e ten establecido e certificado externamente un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente, segundo as normas ISO 9001:2008, ISO 14001:2004 e o Regulamento EMAS. Este sistema busca a mellora continua para conseguir unha realización eficaz e eficiente das actividades.



A ACSUG ten tamén implantada a normativa vixente en canto á prevención de riscos laborais e protección de datos de carácter persoal.

A ACSUG sempre considerou de vital importancia o establecemento de relacións e intercambio de información con outras axencias de calidade e organismos relacionados co ámbito universitario, tanto a nivel nacional como internacional.

Tomando como base os "Criterios e Directrices para a Garantía da Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior", a ACSUG realizou un proceso de autoavaliación e superou con éxito a avaliación externa levada a cabo pola Asociación Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior (ENQA). Como resultado, a **ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA** (organismo integrado por axencias de calidade de educación superior de 25 países europeos) desde o ano 2009. Ademais desde o ano 2010, **ACSUG foi aceptada no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade Universitaria (EQAR)**.



✚ Verificación, seguimento e acreditación de títulos

A ACSUG participa na avaliación previa á implantación dos plans de estudos oficiais de grao e máster presentados polas Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Tras a verificación dos plans de estudos e a autorización pola Comunidade Autónoma, os títulos oficiais inscríbense no "Rexistro de Universidades, Centros e Títulos" (RUCT), que ten como efecto a consideración inicial de título acreditado.

A partir dese momento comeza o período de seguimento anual dos títulos rexistrados, baseándose na información pública dispoñible.

Este período debe culminar, transcorridos seis anos para os títulos de grao e catro para os de posgrao, na acreditación, sempre e cando se comprobe que o plan de estudos correspondente se está levando a cabo de acordo co seu proxecto inicial.

✚ Sistemas de Garantía Interna de Calidade (Programa FIDES-AUDIT)

As universidades teñen a responsabilidade fundamental sobre a calidade dos seus estudos, tal e como establecen os criterios e directrices do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e a lexislación española, asumindo o compromiso de informar á sociedade das súas actividades. O deseño e implantación de Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC), nos centros das universidades, permite mellorar a calidade das súas ensinanzas e responder aos requirimentos dos estudantes e da sociedade en xeral.

Neste contexto, a ACSUG desenvolve o Programa FIDES-AUDIT co obxectivo de axudar aos centros das universidades galegas no deseño e implantación de procedementos asociados á garantía da calidade, e a que se doten de mecanismos formais para a aprobación, control, revisión periódica e mellora dos seus títulos, facilitando a transición das ensinanzas universitarias e a súa adaptación ao EEES.

✚ Evaluación e acreditación de profesorado

A ACSUG avalía a actividade investigadora, docente e de xestión do profesorado universitario, en distintas fases da súa carreira profesional.

En primeiro lugar, realízanse as avaliacións previas á contratación de profesorado, requisito imprescindible para acceder á universidade en distintas figuras contractuais. Actualmente a ACSUG leva a cabo as avaliacións para a contratación de profesorado contratado doutor, axudante doutor e de universidade privada. Ademais tamén se encarga das avaliacións e informes preceptivos á contratación e progresión do profesorado colaborador.

En relación aos profesores que alcanzaron unha situación laboral estable, a ACSUG realiza a avaliación previa á asignación de catro incentivos retributivos: o complemento de labor docente, o complemento de labor investigador, o complemento de excelencia curricular docente e investigadora e o complemento por cargos de xestión universitaria.

✚ Apoio á avaliación da actividade docente do profesorado (Programa DOCENTIA)

A ACSUG leva a cabo o Programa DOCENTIA no ámbito do SUG, a través dun convenio de colaboración con ANECA.

DOCENTIA facilita un modelo de referencia e unhas orientacións básicas para que as universidades deseñen procedementos de avaliación da actividade docente do seu profesorado, axustados ás súas necesidades. As tres universidades do SUG participan no programa poñendo de manifesto, unha vez máis, o compromiso das nosas institucións coa mellora da calidade.

✚ Estudos e análises da inserción laboral

O principal obxectivo destes estudos é proporcionar información de referencia ás universidades e á sociedade en xeral da percepción que os titulados teñen da súa situación laboral actual e ofrecer unha visión retrospectiva do seu paso pola universidade. As opinións ofrecidas polos titulados e empresarios permiten ás universidades, institucións e organismos implicados, deseñar estratexias, minimizando a distancia entre os perfís laborais demandados e os proporcionados polos plans de estudos actuais.

Esta información é de grande interese tanto para os estudantes, á hora de elixir a carreira, como para os empresarios e tamén para a administración, que ten que programar e financiar o sistema universitario.